

1.- PANORAMA XERAL

A ÁREA FUNCIONAL DE LALÍN, FORMADA polas comarcas do Deza e de Tabeirós-Terra de Montes (a súa situación pode consultarse no **mapa 1.1.**), é unha das doce rexións funcionais nas que se agrupan as comarcas galegas segundo a estrutura establecida no “Plan comarcal de Galicia” deseñado polo Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial da Xunta de Galicia. Este plan concíbese como un instrumento de coordinación das directrices e normas básicas económicas e sociais para conseguir un desenvolvemento territorial homoxéneo e equilibrado de Galicia.

Xeograficamente, a área de Lalín, emprazada no interior do territorio galego, limita ao norte coa área funcional de Santiago, en concreto coas comarcas de O Sar, Santiago, Arzúa e Terra de Melide; ao sur coa comarca de O Carballiño, na pro-


vincia de Ourense; ao oeste coas comarcas de Caldas e Pontevedra; e ao leste coas comarcas de A Ulloa e Chantada, na provincia de Lugo.

Esta área está composta por 9 concellos, polo que a área de Lalín acolle o 14,5% do total de concellos da provincia de Pontevedra e o 2,8% do total de concellos galegos (**cadro 1.1.**), sendo a área funcional de Lalín a que está composta por un menor número de concellos das doce áreas funcionais nas que está dividida Galicia.

A área de Lalín ten unha extensión de 1.496 km², o que supón o 33,9% da extensión total da provincia de Pontevedra. Asemade, tendo en conta que a extensión da Comunidade Autónoma de Galicia é de 29.660 km², a área de Lalín supón o 5% do total territorial galego.

M.1.1.

Situación da área funcional de Lalín, formada polas comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes



1.1.

Territorio e poboación nas áreas funcionais galegas

	Superficie (km ²)	Poboación a 1/1/04	Densidade de poboación	Número de concellos	Entidades singulares	Entidades colectivas	Núcleos de poboación	Diseminados
Provincia de A Coruña								
Ferrol	7.943	1.121.344	141,2	94	10.318	932	4.030	11.344
A Coruña	1.556	207.858	133,6	20	2.615	148	527	2.783
Santiago	2.597	528.757	203,6	35	3.410	328	1.565	3.773
	3.790	384.729	101,5	39	4.293	456	1.938	4.788
Provincia de Lugo								
Mairía	10.026	358.452	35,8	67	9.754	1.264	1.329	8.576
Monforte	1.395	74.929	53,7	15	1.738	125	202	1.549
Lugo	1.981	58.099	29,3	12	1.906	263	342	1.595
	6.650	225.424	33,9	40	6.110	876	785	5.432
Provincia de Ourense								
Ourense	7.274	340.258	46,8	92	3.681	916	2.591	4.689
Verín	4.119	269.415	65,4	67	3.106	603	2.084	3.776
O Barco	1.754	36.254	20,7	12	263	145	240	420
	1.401	34.589	24,7	13	312	168	267	493
Provincia de Pontevedra								
Vigo	4.417	930.931	210,7	62	6.241	666	2.304	4.308
Pontevedra	1.605	514.716	320,6	25	2.710	243	954	1.994
Lalín	1.316	341.281	259,3	28	1.859	190	772	1.160
	1.496	74.934	50,1	9	1.678	233	578	1.154
Galicia	29.660	2.750.985	92,8	315	29.994	3.778	10.254	28.917

*(1)

(1) ano 2004

Fonte: La Caixa, Anuario económico ; IGE, Renovación do Padrón a 1/01/04; Xunta, Mapa comarcal de Galicia

A comarca do Deza, con 1.027 km² é a máis extensa da área analizada, así como da provincia de Pontevedra, contando a comarca de Tabeirós–Terra de Montes cunha extensión de 529 km².

En termos poboacionais, e segundo os datos reflectidos polo Padrón Municipal de Habitantes a 1 de xaneiro de 2004, a área de Lalín é a oitava máis poboada das doce áreas funcionais galegas, con 74.934 habitantes, o que supón o 8% da poboación total residente na provincia de Pontevedra e o 2,7% do conxunto da poboación galega (**cadro 1.2.**).

Dentro da área obxecto de estudo, a comarca máis densamente poboada é a de Tabeirós–Terra de Montes, cunha densidade de poboación de 55,1 habitantes por km², seguida da comarca do Deza, con 44,6 habitantes/km². Para o conxunto da área de Lalín, a densidade de poboación sitúase en 50,1 hab/km², por debaixo da densidade media da provincia de Pontevedra, que é de 210,7 habitantes por km², e por debaixo da densidade media galega, que é de 92,8 hab/km², aínda que a densidade media da área funcional obxecto de análise é superior á densidade media da Galicia interior, que se sitúa en 42,1 hab/km².

O citado **cadro 1.1.** mostra o número de entidades singulares, colectivas, núcleos de poboación e diseminados existentes nas doce áreas funcionais galegas no ano 2004.

Por entidade singular de poboación enténdese calquera área habitable do termo municipal, claramente diferenciada

do mesmo, e que se coñece por unha denominación específica que a identifica sen posibilidade de confusión. Neste senso, das 6.241 entidades singulares de poboación que hai na provincia de Pontevedra no ano 2004, 1.678 están situadas nos concellos da área funcional de Lalín, o que supón o 26,9% do total provincial. A porcentaxe de entidades singulares do conxunto da área analizada (1.678) sobre o total das 29.994 existentes en Galicia no citado ano é do 5,6%. Na súa división no interior da área, a comarca do Deza, con 1.062, é a que ten un maior número de entidades singulares de poboación, fronte ás 616 da comarca de Tabeirós-Terra de Montes (**cadro 1.3.**).

As entidades colectivas son unidades medias entre as entidades singulares de poboación e os municipios, constituídas por agrupacións de entidades singulares e que gozan de personalidade propia e dunha orixe marcadamente histórica. Na provincia de Pontevedra, no ano 2004, existen 666 entidades colectivas, das que 233 están situadas na área funcional de Lalín (35%). A porcentaxe de entidades colectivas da área funcional sobre o total das 3.778 existentes en Galicia é do 6,2%. A nivel comarcal, o Deza é a comarca que posúe un maior número, con 161 entidades colectivas, fronte á comarca de Tabeirós–Terra de Montes, con 72.

Finalmente, enténdese por núcleo de poboación o conxunto de alomenos dez edificacións, que están formando rúas, prazas e outras vías urbanas. O número de edificacións poderá ser inferior a dez sempre que a poboación que habita as mesmas supere os 50 habitantes. Así

1.2.

Territorio e poboación área funcional de Lalín: distribución segundo comarcas

	Superficie (km ²)	Poboación 1/01/2004	Densidade de poboación	Número de concellos	Entidades singulares
Área funcional de Lalín	1.556,0	74.934	48,2	9	1.678
O Deza	1.027,0	45.793	44,6	6	1.062
Tabeirós-Terra de Montes	529,0	29.141	55,1	3	616
Provincia Pontevedra	4.497	930.931	207,0	62	6.241
Galicia	29.560	2.750.985	93,1	315	29.994

Fonte: IGE, Cifras oficiais de poboación a 1 de xaneiro de 2004, Xunta, Mapa comarcal de Galicia e INE

1.3.

Territorio e poboación na área funcional de Lalín: distribución segundo comarcas e concellos

	Superficie (km ²)	Poboación 2004	Densidade de poboación	Número de concellos	Entidades singulares
Comarca do Deza	1.026,0	45.793	44,6	6	1.062
A Golada	148,0	3.678	24,9		139
Dozón	73,0	2.030	27,8		55
Lalín	327,0	20.698	63,3		333
Rodeiro	155,0	3.553	22,9		146
Silleda	168,0	9.055	53,9		248
Vila de Cruces	155,0	6.779	43,7		141
Comarca de Tabeirós-Terra de Montes	529,0	29.141	55,1	3	616
A Estrada	281,0	22.217	79,1		458
Forcarei	80,0	4.616	57,7		105
Cerdedo	168,0	2.308	13,7		53
Área funcional de Lalín	1.555	74.934	48,2	9	1.678
Provincia Pontevedra	4.497	930.931	207,0	62	6.241
Galicia	29.560	2.750.985	93,1	315	2.994

Fonte: IGE, Cifras oficiais de poboación a 1 de xaneiro de 2004, Xunta, Mapa comarcal de Galicia e INE

mesmo, inclúese no núcleo de poboación aquelas edificacións que, estando illadas, distan menos de 200 metros dos límites exteriores do citado conxunto. Na provincia de Pontevedra localízanse un total de 2.304 núcleos de poboación, dos que 578 pertencen á área funcional de Lalín, dentro da que o 62,5% dos mesmos pertencen á comarca do Deza (361 núcleos de poboación na comarca do Deza e 217 núcleos na comarca de Tabeirós-Terra de Montes).

A área funcional de Lalín configúrase en torno a varios centros de atracción. Neste senso, as dúas comarcas que compoñen a área funcional analizada teñen un centro principal de relacións

funcionais intermunicipais diferenciado. Tendo en conta as relacións funcionais intermunicipais principais, a comarca do Deza ten ao concello de Lalín como núcleo principal de atracción funcional. Na comarca de Tabeirós-Terra de Montes o núcleo de atracción principal é o concello de A Estrada.

As principais estradas da área de Lalín son a autopista A-53 Santiago-Ourense, inaugurada en decembro do ano 2002, e que na actualidade ten en servizo o treito Santiago-Dozón, estando en execución o treito Dozón-Ourense; a estrada nacional N-525, que comunica Santiago con Ourense, atravesando os concellos de Silleda, Lalín e Dozón, pertencentes á

área funcional; a N-640, que comunica a provincia de Pontevedra, dende a ría de Arousa, coa fronteira do Principado de Asturias, pasando polos concellos de A Estrada, Lalín e A Golada; e a N-541, que comunica a capital pontevedresa con Ourense percorrendo o sur da área funcional, pasando polo concello de Cerdedo. Así mesmo, é importante destacar a existencia da vía de alta capacidade que une o concello de Lalín con Monforte de Lemos.

En canto á rede ferroviaria, a única liña ferroviaria que existe na área funcional de Lalín é a liña que une Santiago con Ourense, con parada no concello de Lalín.

Realidade socioeconómica

Unha primeira aproximación á realidade socioeconómica da área analizada de Lalín pode ser realizada a partir da información proporcionada polo *Anuario Económico de España 2005* de La Caixa. Os datos aquí recollidos poden ser divididos en dous tipos: primeiro, unha serie de indicadores económicos (**cadro 1.4.**) que tentan recoller diversos aspectos no eido industrial, comercial, turístico e fiscal; posteriormente, datos (**cadro 1.5.**) referidos a diferentes variables con incidencia na actividade económica, como o número de teléfonos, vehículos de motor, oficinas bancarias e maila relación dos diferentes tipos de actividades económicas.

Como complemento ao primeiro tipo de datos faise referencia a unha estimación da renda familiar dispoñible por habitante denominada “nivel económico”. Sen embargo, a análise deste índice non


pode ser feita a nivel comarcal posto que, pola súa confección, non é posible a agregación e só resulta factible un estudo dos concellos en relación coas súas correspondentes comarcas e que é recollido no **gráfico 1.1.** No **gráfico 1.2.** agrúpanse os concellos en función da porcentaxe de variación da súa renda dispoñible no período 1998-2003.

Antes do inicio da análise destes indicadores e variables, cómpre destacar o feito de que este estudo é realizado polo Servicio de Estudos de La Caixa só para municipios con máis de 1.000 habitantes. Para o conxunto de España estímase que isto supón un 4% de erro. No caso da área de Lalín, as fallas de información non afectan a ningún dos 9 concellos que compoñen a área funcional.

O primeiro dos indicadores recollidos no **cadro 1.4.** é a “cota de mercado”, un índice que reflicte a capacidade de consumo comparativa dos concellos mediante un termo medio de números índices de distintas variables para expresar a participación (en tanto por 100.000) sobre o total nacional. A área funcional de Lalín ten unha cota de mercado no ano 2004 de 168, un 6,5% inferior á cota de mercado da área funcional no ano 1999 (179).


A comarca que acadou un maior valor neste indicador dentro da área de Lalín, cun nivel de 102, é a do Deza, acadando a comarca de Tabeirós-Terra de Montes un nivel de 66. En conxunto, a área funcional de Lalín, tal como se sinalou anteriormente, cunha cota de mercado de 168, dispón do 2,7% da cota de mercado do total de Galicia.

G.1.1.



(1) Os niveis calcúlanse segundo a renda familiar dispoñible por habitante e ano
 Fonte: La Caixa, Anuario económico 2005

G.1.2.



Fonte: La Caixa, Anuario económico 2005

O segundo indicador é o “índice industrial”, un índice comparativo da importancia da industria baseado na recadación do imposto sobre actividades económicas (IAE). De xeito semellante ao anterior, este indicador recolle o peso relativo (en tanto por 100.000) da industria sobre o total nacional. Este índice acada un valor de 156 na área funcional de Lalín.

Dentro da área obxecto de estudo, os datos deste índice reflicten que a comarca do Deza concentra a meirande parte da actividade industrial, cun valor de 110, seguida a moita distancia pola comarca de Tabeirós-Terra de Montes, cun valor de 46 no citado índice. A nivel municipal cómpre salientar a importancia do concello de Lalín, que acada un índice indus-

1.4.

Principais indicadores económicos da área funcional de Lalín 2003: distribución segundo comarcas e concellos

	Cota de Mercado 1999	Cota de Mercado 2004	Índice industrial	Índice comercial	Índice de restauración e bares	Índice Turístico	Índice actividade económica	Nivel económico
Comarca do Deza	108	102	110	71	84	35	75	
A Golada	9	7	3	3	4	1	3	3
Dozón	4	3	1	-	-	-	-	2
Lalín	47	47	49	41	50	10	40	4
Rodeiro	9	8	3	3	5	1	3	3
Silleda	23	22	23	16	15	19	17	3
Vila de Cruces	16	15	31	8	10	4	12	3
Comarca de Tabeirós-Terra de Montes	71	66	46	49	57	21	48	
A Estrada	52	50	26	43	47	17	32	3
Forcarei	13	11	15	5	7	3	14	3
Cerdedo	6	5	5	1	3	1	2	3
Total área funcional de Lalín	179	168	156	120	141	56	123	
Provincia de Pontevedra	2.127	2.056	1.792	2.085	2.056	1.137	1.763	4
Galicia	6.482	6.176	6.159	6.088	6.499	3.095	5.484	4

Fonte: La Caixa, Anuario económico 2005

trial de 49, o que supón o 44,5% do índice total da comarca do Deza e o 31,4% do índice industrial total do conxunto da área funcional.

O “índice comercial” configúrase como un indicador comparativo da importancia do comercio en función do IAE das actividades de comercio por xunto e polo miúdo e recolle o peso relativo (en tanto por 100.000) con respecto ao conxunto do Estado. No que respecta a este índice a área de Lalín acada un valor de 120.

As actividades comerciais na área de Lalín acadan un índice de 71 na comarca do Deza e de 49 na comarca de Tabeirós-Terra de Montes.

O cuarto dos índices analizados céntrase no eido do turismo. Trátase dun indicador comparativo da importancia turística que expresa a participación en tanto por 100.000. Este “índice turístico” tamén parte do IAE distinguindo segundo a categoría dos establecementos, o número de habitacións e maila súa ocupación anual.

A área funcional de Lalín acada un índice turístico de 56 puntos.

A comarca do Deza concentra a maior importancia no seo da área analizada, cun índice de 35, seguida da comarca de Tabeirós-Terra de Montes cun índice turístico de 21.

O “índice de actividade económica” xorde como un indicador comparativo da actividade económica municipal. Parte tamén da información do IAE e expresa a participación da actividade económica (en tanto por 100.000) sobre o total nacional. Este índice está relacionado coa “cota de mercado”, é dicir, xeralmente obsérvase unha correlación entre a capacidade de compra e o Imposto sobre Actividades Económicas, aínda que as veces se dan algunhas diferencias. En orde de importancia, en relación á actividade económica dentro da área de Lalín, o primeiro lugar corresponde á comarca do Deza, cun valor de 75, seguida da comarca de Tabeirós-Terra de Montes cun valor de 48. Así mesmo o conxunto da área analizada, cun índice de actividade

económica de 123, representa o 2,2% do índice de actividade económica de Galicia, que se sitúa en 5.484 puntos.

Na comparación destes índices de importancia relativa da área de Lalín con respecto ao total da provincia de Pontevedra, salienta que a área acadada a súa porcentaxe máis alta no índice industrial, cun valor do 8,7%, mentres que a menor porcentaxe corresponde ao índice turístico, onde a área de Lalín significa un 4,9% do total da provincia.

Polo que se refire á relación entre o conxunto da área de Lalín e o total galego, a cifra máis importante corresponde á cota de mercado (2004) co 2,7% seguida do índice industrial, cun valor do 2,5%, mentres no extremo contrario está o índice turístico, cun valor do 1,8%.

Para completa-la análise xeral da situación da área estudada, o **cadro 1.5.** recolle outra serie de variables ben diferentes. Aquí non se trata de índices ou indicadores (expresados a modo de porcentaxe) senón que son magnitudes concretas que se refiren a variables como número de teléfonos, oficinas bancarias, actividades industriais, actividades comerciais por xunto e polo miúdo e actividades de restauración e bares. Cada unha delas recolle diversos aspectos do contexto económico da área analizada e proporciona unha idea cualitativa das distintas comarcas.

Así, por exemplo, o número de teléfonos reflicte o grao de desenvolvemento económico. A área de Lalín, con 24.152 teléfonos, concentra o 7,7% do total de te-

léfonos instalados na provincia de Pontevedra, representando a poboación da área funcional o 8% do total provincial. Dentro da área funcional de Lalín, a comarca do Deza, con 14.188 aparellos, atópase á cabeza, seguida da comarca de Tabeirós-Terra de Montes, con 9.964 aparellos, representando o 58,7% e o 41,3% do total da área respectivamente.

Os vehículos de motor (automóbiles, camiións e furgonetas e outros) tamén se concentran maioritariamente na comarca do Deza (26.000 vehículos), co 59,4% dos vehículos totais da área de Lalín. A comarca de Tabeirós-Terra de Montes acolle 17.768 vehículos. A área de Lalín dispón do 8% dos vehículos de motor da provincia de Pontevedra, porcentaxe igual que a de poboación, e do 2,8% do total de vehículos de Galicia.

A análise das actividades segundo se trate de actividades industriais, comerciais por xunto e comerciais polo miúdo amosa, en termos xerais, unha concentración na comarca do Deza, e especialmente no concello de Lalín. Neste senso é importante destacar que o 31,9% das actividades industriais da área funcional están localizadas no concello de Lalín, así como que os concellos de Lalín e A Estrada concentran o 61,7% do total de actividades industriais da área funcional analizada.

Para estas actividades a relación da área con respecto ao total da provincia de Pontevedra sitúase en tódolos casos nunha banda entre o 5,3% e o 10,7%. As maiores porcentaxes acádanse nas actividades industriais e comerciais polo miúdo

1.5.

Principais variables con incidencia na actividade económica na área funcional de Lalín 2003: distribución segundo comarcas e concellos

	Telefónos	Vehículos de motor	Oficinas bancarias	Actividades industriais	Actividades comerciais maioristas	Actividades comerciais minoristas (número)	Actividades comerciais minoristas (m ²)	Actividades de restauración e bares
Comarca do Deza	14.188	26.000	33	1.042	145	1.043	89.564	403
A Golada	958	1.583	2	61	7	49	3.647	28
Dozón	341	687	-	13	1	15	1.953	6
Lalín	6.909	11.679	15	530	72	541	48.609	205
Rodeiro	964	1.867	3	56	6	61	6.423	24
Silleda	3.092	6.357	8	233	45	225	19.096	85
Vila de Cruces	1.924	3.827	5	149	14	152	9.836	55
Comarca de Taboairos-Terra de Montes	9.964	17.768	25	618	101	658	67.167	225
A Estrada	7.885	14.431	13	494	89	540	60.274	178
Forcarei	1.484	2.435	9	85	10	94	5.492	35
Cerdedo	595	902	3	39	2	24	1.401	12
Total área funcional de Lalín	24.152	43.768	58	1.660	246	1.701	156.731	628
Provincia de Pontevedra	311.955	547.687	730	15.554	4.622	19.878	1.907.517	7.611
Galicia	971.334	1.565.677	2.359	47.834	12.495	61.129	5.876.910	25.016

Fonte: La Caixa, Anuario económico 2005

e as menores, nas actividades comerciais por xunto.

Outro indicador interesante, malia que pola súa confección non é factible o estudo a nivel comarcal, é o denominado “nivel económico”, recollido no antedito **cadro 1.4.** O *Anuario Económico de España 2005*, elaborado polo servizo de estudos de “La Caixa”, considera a nivel municipal a existencia de 10 niveis económicos en función da renda familiar dispoñible por habitante e ano, definida como a suma dos ingresos efectivamente percibidos polas economías domésticas, calculados como o total de ingresos procedentes do traballo, das rendas de capital, prestacións sociais e transferencias menos os impostos pagados polas familias e as cotas pagadas á Seguridade Social.

O **gráfico 1.1.** amosa a distribución de concellos en cada comarca segundo o seu nivel económico. Tendo esto en conta, na área de Lalín, o máximo nivel económico alcanzado é o 4 (de 9.300 a 10.200 euros/ano), onde se integra só o concello de Lalín. No nivel 3 (de 8.300 a 9.300 euros/ano) inclúense todos os concellos restantes, agás o concello de Dozón, que ten un nivel económico de 2 (de 7.200 a 8.300 euros/ano de renda familiar dispoñible por habitante).

No que respecta á evolución da renda familiar dispoñible, no **gráfico 1.2.** móstranse os concellos de cada comarca en función da porcentaxe de variación da súa renda dispoñible no período 1998-2003. Neste senso, obsérvase que, no conxunto da área analizada, catro concellos están

situados no nivel 5, tres na comarca do Deza e un na comarca de Tabeirós-Terra de Montes –Lalín, Silleda, Vila de Cruces e A Estrada–, o que significa unha porcentaxe de variación de renda dispoñible entre o 26 e o 34%. Os concellos de Dozón e Forcarei sitúase no nivel 4 segundo a clasificación feita polo anuario económico de La Caixa 2005, o que implica unha variación da renda dispoñible nestes concellos entre o 21 e o 26%, no período analizado. Os concellos de A Golada e Cerdedo sitúanse no nivel 3, cunha variación da renda familiar dispoñible entre o 16 e o 21%, e finalmente o concello de Rodeiro ten un nivel 2, cunha variación da citada renda entre o 10 e o 16% no período 1998-2003. ■